



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, EN DATA DE 3 DE OUTUBRO DE 2013, RELATIVA AO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E VILAMOR (CONCELLO DE MONDOÑEDO), PROMOVIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE 2011/0075)

ANTECEDENTES

Por solicitude dos veciños das parroquias de Santa María Madanela de A Couboeira, Santo André de Masma e Santa María de Vilamor en Mondoñedo - Lugo, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural iniciou o proceso de concentración parcelaria nas devanditas parroquias, proceso que foi declarado de utilidade pública e interese social determinado no Decreto 98/1991, de 20 de marzo de 1991, do Consello da Xunta de Galicia, publicado no DOG do 1/04/1991. Logo das actuacións preceptivas, con data 24/04/1997 apróbanse as bases definitivas da zona sendo declaradas firmes por resolución da Dirección Xeral con competencias en materia de concentración parcelaria con data 18/06/1999.

Con data 19/04/2010 a Dirección Xeral do Desenvolvemento Rural aproba o acordo de concentración parcelaria (publicado no DOG de 24 de maio de 2010), documento no que entre outros, se recolle xa, a nova distribución da propiedade operada polo órgano concentrador, así como as vías que darán acceso ás novas fincas naquel configuradas (a rede principal de camiños rematouse en outubro de 2003). O novo parcelario aprobado no Acordo, foi replanteado no terreo, de aí, que a mesma Dirección Xeral con data 01/01/2012 autorizase a toma de posesión das novas fincas.

A zona de concentración parcelaria das parroquias de Santa María Madanela de A Couboeira, Santo André de Masma e Santa María de Vilamor, enmárcase na parte leste do termo municipal de Mondoñedo, sitúase no centro-norte da provincia de Lugo e administrativamente atópase integrado na comarca da A Mariña Central. A zona a concentrar ten unha superficie aproximada de 813 hectáreas.

O proxecto está incluído no grupo 1.a, ("proxectos de concentración parcelaria, agás os incluídos no anexo I") do anexo II do Real decreto legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, que establece no seu artigo 3.2, que os proxectos comprendidos no citado anexo II, so deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, téndose que axustar a decisión aos criterios que figuran no anexo III. O proxecto cualificouse como sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental en base aos criterios seguintes:

1. A magnitude das actuacións é moi relevante cuns 6.760 metros de lonxitude de camiños propostos, dos cales aproximadamente un 70% son de nova apertura, nunha superficie inicial de actuación de 813 ha.
2. A zona de estudo está atravesada polo Río Masma que pertence ao espazo natural LIC "Ría de Foz - Masma" (ES1120011) declarado como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), que podería verse afectado directa e indirectamente polas obras do proxecto.
3. Ademais do Río Masma, a zona de concentración parcelaria está regada por varios afluentes como o rego da Couboeira e o rego de Lamelas, así como unha grande cantidade de pequenos regatos estacionais.
4. Como consecuencia da execución da rede de camiños e do acondicionamento de fincas poderán producirse alteracións na rede de drenaxe natural e no réxime hidrolóxico actual da zona a concentrar, así como episodios erosivos que afectan aos solos e provoquen un

Santiago,

08 OUT. 2013

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro

Páx. 1 de 20



arrastre de partículas que afecte á calidade das augas dos cursos fluviais que discorren pola zona.

5. Na zona identifícanse varios hábitats de interese comunitario, entre os que se atopan algúns de carácter prioritario como: Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero* – *Brachypodietea* (6220*), Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (91EO*).
6. A existencia de bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras do proxecto.

En data de 20 de abril de 2011, co obxecto de dar cumprimento ao artigo 17.2 do antedito Real Decreto Lexislativo 1/2008, consultáronse os seguintes organismos e asociacións:

ORGANISMO CONSULTADO	RESPOSTAS RECIBIDAS
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x
Dirección Xeral de Conservación da Natureza (hoxe Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade)	x
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (hoxe Instituto de Estudos do Territorio)	x
Dirección Xeral de Montes	x
Concello de Mondoñedo	
Augas de Galicia	
Federación Ecoloxista Galega	
Sociedade Galega de Historia Natural	x
Sociedade Galega de Ornitoloxía	

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 1 de febreiro de 2012 publícase no DOG (nº 22) a Resolución do 13 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental do proxecto de acondicionamento de predios nas parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor (Mondoñedo, Lugo) e con data 7 de febreiro de 2012 publícase no DOG (nº 26) unha corrección de erros. Non consta que nese período foran presentadas alegacións.

Con data de 8 de maio de 2013 ten entrada o expediente ambiental, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, no que se inclúen certificado de exposición pública e copia dos informes dos distintos organismos consultados, sendo a relación dos informes recibidos a seguinte:

ORGANISMO CONSULTADO	RESPOSTAS RECIBIDAS
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade)	X
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe (Instituto de Estudos do Territorio)	X
Dirección Xeral de Montes	X
Augas de Galicia	X
Concello de Mondoñedo	-

No Anexo I da presente Declaración inclúese un resumo da actuación e das características das zonas de concentración, e no Anexo II un esquema de toda a zona a concentrar.

Santiago,

08 OUT. 2013

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Mirás Pelleiro



Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental, no exercicio das competencias que lle atribúe o decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, formula, aos sós efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do Proxecto de acondicionamento de fincas nas parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor (Concello de Mondoñedo), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proxecto é ambientalmente viable, sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, sen prexuízo do cumprimento de outras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, si se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.


Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ao medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor proporá ao órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no Estudo de Impacto Ambiental achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e a relación das novas medidas propostas, cumpren cos obxectivos e fins da Declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma:

- *Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.*
- *Proxecto de Integración Paisaxística.*
- *Proxecto arqueolóxico das obras a realizar (Avaliación de Impacto Cultural).*

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- *Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:*
 - Con respecto á distribución das parcelas: o Proxecto e o Acordo de concentración parcelaria.
 - Con respecto á execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houbese).
- *Fase de Execución:*
 - Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
 - Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
 - Construción de obras complementarias.



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro



- *Fase de Explotación.*

- Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
- Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
- Uso das obras complementarias.

1.-ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ao proxecto de acondicionamento de fincas en Couboeira, Masma e Vilamor, tal e como se describe no documento Estudo de Impacto Ambiental do proxecto de acondicionamento de fincas en Couboeira, Masma e Vilamor (Mondoñedo - Lugo). O conxunto das actuacións desenvolveranse nunha superficie total dunhas 813 hectáreas.

A zona de estudo está delimitada e definida no *Plano nº 1, "Situación e Localización"* e *Plano nº 2 "Actuacións proxectadas e Unidades ambientais"* do Estudo de Impacto Ambiental.

2.- PROTECCIÓN DA ATMOSFERA.

Os niveis de presión sonora debidos ás obras asociadas ao proxecto cumprirán coa normativa vixente tendo en conta, no seu caso, o establecido nas ordenanzas municipais ao respecto.

Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante as fases de obra, os camiós de transporte de terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou similar, asemade, no caso de ser necesario, procederase ao lavado das rodas dos camiós á saída da zona de obras, así como á rega das superficies. Co fin de reducir a emisión de po debida ao tránsito dos vehículos de obra, e a afección da vexetación circulante, deberán preverse regas periódicas nas pistas de maior tránsito durante a execución das obras.


3.-PROTECCIÓN DO SOLO.

3.1.-Fase de formulación

3.1.1. Movementos de terras.

Definiranse correctamente a localización das instalacións provisionais (zonas de casetas de obra, parque de maquinaria, amoreamento de materiais, almacenamento de residuos, amoreamento de terra vexetal, etc), igualmente preveranse as zonas de provisión ou préstamos de materiais e as zonas de vertedoiro de terras, tanto se son para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa tecnicamente e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no contorno. Deberase garantir que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que:

- A Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Ría de Foz – Masma", incluído na lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC).
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno – Padion, Alnion *incanae*, *Salicion albae*), declarado hábitat de interese comunitario de carácter prioritario (91E0*).
- Bosques galaico – portugueses de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*, declarados como hábitat de interese comunitario de carácter non prioritario (9230).





- Formacións vexetais vinculadas ao Hábitat de Interese Comunitario e carácter non prioritario denominado Bosques de *Castanea Sativa* (9260).
- Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculus fluitantis* e de *Callitriche-Batrachion* (3260).
- Ámbitos con presenza de especies de flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables.
- Elementos do patrimonio cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Se houber sobranter procedentes de movementos de terras, previamente ao seu depósito nos lugares seleccionados, deberase contar cos correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primarase sempre o reemprego dos sobranter de terra.

3.1.2. Rede de camiños e acondicionamento de fincas.

O deseño da rede de camiños de concentración deberá ter en conta os criterios indicados no estudo ambiental, así como o condicionado establecido ao longo desta Declaración (respectando especialmente as áreas de interese sinaladas no punto 3.1.1), así como o seguinte:

- As pistas de nova creación non afectarán a hábitats prioritarios, nin as masas de frondosas autóctonas.
- Aproveitarase ao máximo posible a traza dos camiños existentes, ben sexan forestais ou convencionais, minimizando a execución de novos accesos ás parcelas. Os viais deberanse axustar á topografía do terreo para minimizar o movemento de terras ao máximo e reducir os impactos.
- O modelado dos noiros resultantes, se é o caso, evitará formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendente sexa gradual, integrándose co natural e por extensión coa paisaxe. Estes noiros deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos.

3.2.-Fase de obras

3.2.1. Materiais de préstamos e canteiras.

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, non se abrirán na zona salvo xustificación adecuada, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Asemade, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para as bases ou sub-bases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado anteriormente, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, sempre que sexa técnica e economicamente viable empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, se isto non fose posible, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes deberán ser restaurados o remate da obra.

Santiago,

08 OUT. 2013



No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamentos autorizados.

3.2.2 Construcións.

Balizaranse especificamente todos os ámbitos correspondentes aos elementos sinalados no punto 3.1.1 desta DIA presentes nas proximidades das zonas de obra, co obxecto de evitar afeccións innecesarias sobre eles.

De ser preciso o emprego de formigón, evitarase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoa xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

3.2.3 Xestión e parque de maquinaria.

Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancia contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), as tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo os medios necesarios para a recollida de posibles verteduras.

4. PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS.

1. Aínda que non se prevén actuacións sobre o ámbito do LIC "Ría de Foz - Masma", se á hora de executar os traballos previstos ou por unha eventual modificación do Plan de Obra, se prevé que se puidese ver afectado o antedito espazo natural, o Dominio Público Hidráulico ou as zonas de policía; deberase informar á Dirección Xeral de Conservación da Natureza e a Augas de Galicia, os que establecerán as medidas oportunas para garantir a protección e calidade ambiental do espazo natural e das canles fluviais.

2. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso a Augas de Galicia.

Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas e no Regulamento do dominio público hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións). Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia Costa.

3. No caso de que as afeccións anteriores atinxan aos ecosistemas fluviais (como pode ser a afección ocasionada polo exceso de sólidos en suspensión: nos frezadoiros, branquias dos peixes...), requirirase informe preceptivo da Dirección Xeral de Conservación da Natureza segundo o disposto no artigo 77.3 do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. En calquera caso a auga que se incorpore aos sistemas fluviais cumprirá cos parámetros esixidos no Anexo V do citado Regulamento.

4. Con respecto ao cruzamento de cursos fluviais, alterarase o mínimo posible a morfoloxía do leito fluvial, polo que se empregarán pontes sempre que sexa posible, procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 6 metros a cada lado do mesmo, sen impedir o tránsito de fauna e persoas polas súas ribeiras, lembrando en todo caso as limitacións e prescricións establecidas ao respecto na lexislación de augas e no Plano Hidrolóxico de Galicia Costa.



Para o cruce de canles utilizaranse obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar este tipo de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por debaixo de leito do río e a súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída do marco un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo e/ou impida o remonte das especies piscícolas migratorias

En particular con respecto ao camiños S-7-14 e S-2-6 proxéctase a construción de dous pasos sobre os regos de Lamelas e Couboeira respectivamente, que segundo o estudo de impacto ambiental executaranse mediante marcos prefabricados no caso do camiño S-7-14 e mediante un cano de 1 m de diámetro como paso para o S-2-6. En ambos casos procederase previamente á escavación provisional dunha canle paralela, sobre a que se desviará a corrente ata que a obra estivera rematada. En consecuencia considerase necesario antes do inicio das obras o seguinte:

- Solicitarase a autorización da administración hidráulica, achegándose planos de situación exacta e detalles construtivos, estando ao que o órgano competente determine sobre modificacións ou condicións adicionais.
- O promotor facilitará á Dirección Xeral de Conservación da Natureza unha información mais detallada sobre estes cruces, a nivel do proxecto construtivo, cunha definición precisa das obras, incluíndo a canle paralela de desvío e medidas preventivas que se tomarían para evitar arrastres e o enturbado das augas, así como posibles afeccións á vexetación.

5. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria.

De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

6. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidaís, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes sen detrimento das que figuran nos estudos de impacto ambiental:

- A este respecto, estarase ao disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto 10 da declaración.
- Calquera afección que se poida producir sobre os sistemas fluviais e a súa contorna debe ser eliminada de modo que se garanta a súa protección e conservación. Ademais da protección derivadas das lexislacións anteriores, será de aplicación a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.
- Prestarase especial atención ao balizamento de ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.
- Adoptaranse as medidas oportunas de xeito que a erosión das plataformas dos viarios e das gabias sexa mínima. Os tramos onde exista una elevada pendente e portanto unha forza erosiva importante, deberán estar deseñados para adaptarse a esta situación, evitando as erosións e contaminacións das augas. Do mesmo xeito



executaranse disipadores de enerxía e barreiras de sedimentos nos puntos de desaugadoiro dos viarios (bueiros).

- Evitarase calquera alteración das concas vertentes e das ribeiras, que afecten ao funcionamento do sistema fluvial, ocasionando efectos como a sedimentación de limos nos fondos, modificación da temperatura ou alteración das propiedades físico-químicas das augas.
- Evitarase que os sistemas de drenaxe sexan xeradores de zonas encharcadas ou contaminacións na rede hidrolóxica ou que xeren un cambio substancial no réxime hidrolóxico. Non se poderá facer transvase de auga dunha microconca a outra.
- Efectuarase unha minuciosa vixilancia sobre os procesos desencadeantes de erosións e contaminacións das augas.
- Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escorregadas, chuvias ou enchentes.
- Evitarase calquera afección sobre as ribeiras dos cursos fluviais, tanto a formación arbóreas autóctonas, como as comunidades asociadas á estrutura interna e externa dos ríos. Facilitarase a conectividade da canle coas súas ribeiras e en ningún caso deberán alterar a zona de servidume dos cursos fluviais.
- A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e ferramenta nos cursos de auga.

5.-XESTIÓN DE RESIDUOS.

1. Todos os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe ou reemprego fronte á vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso, deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases, ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

2. Na xestión da biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso deberá contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase a súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación aos solos mediante pase de grada ou fresa, diminuindo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.

6.-PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS

6.1.-Fase de formulación

6.1.1.-Áreas con valores naturais.

Evitarase calquera actuación que comprometa os valores naturais do espazo natural protexido incluído na Rede Natura 2000 (LIC "Ría de Foz - Masma"), tanto hábitats como taxóns e que comprometan o seu mantemento nun estado favorable. Tanto é así que non se poderán acometer actuacións que impacten negativamente de xeito notorio sobre hábitats prioritarios ou hábitats que serven de sustento a taxóns prioritarios.

Santiago,

08 OUT. 2013



Deberase garantir, tanto documentalmente como a través dun plan de seguimento e vixilancia, que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que:

- LIC "Ría de Foz - Masma" (hábitats e taxóns), aínda que se trate de afeccións indirectas.
- Hábitats naturais prioritarios, os cales deberán ser preservados integramente adoptando as medidas precisas para evitar calquera deterioro directo ou indirecto sobre os mesmos.
- Especies de flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables.

Evitarase especialmente calquera afección que inflúa negativamente sobre formacións arbóreas autóctonas, así como sobre ecosistemas intimamente ligados á auga (turbeiras, lagoas, arroios...).

Atendendo ao punto 3 do artigo 45 da Lei 42/2007, do 13 de decembro do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats fóra da Rede Natura 2000; deberanse adoptar as medidas precisas coa finalidade de que as obras xeren unhas mínimas afeccións ambientais, incluíndo as que se recollen nesta Declaración.

Terase presente as medidas recollidas na Orde do 10 de decembro de 1984, sobre a protección do acivro (*Ilex aquifolium*, L.) no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia; en concreto a prohibición de arrinca, recollida, corta e desenraizamento desta especie, incluídas as súas sementes.

É conveniente facer unha prospección previa a calquera actuación, que detecte a presenza de taxóns e hábitats protexidos pola lexislación vixente, adoptando as medidas precisas para a súa preservación e conservación nun estado favorable. Estas medidas están especialmente indicadas para as especies que se atopan incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA). De atoparse algunha especie antes ou durante as obras, deberán ser respectadas sen alterar o seu hábitat, comunicando o seu achado ao Servizo de Conservación da Natureza.

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1 desta DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar ao máximo posible: As árbores e rodaís singulares, as sebes, as zonas boscosas, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos, ecotonos e outros hábitats antróxicos de interese natural, cultural e paisaxístico. As especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente as que estean incluídas nos Catálogos nacional e galego de especies ameazadas), vexetación de ribeira, os valados de pedra, bancais, corredeiras, brañas e zonas pantanosas, terras inundables e formacións arbóreas autóctonas, e de non estar contempladas entre as anteriores calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto.

Asdo.: José Manuel Mirás Pulleiro



Ao longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas nos Estudos de Impacto Ambiental respectivos, e as establecidas nesta DIA, co fin de evitar ou minimizar a afección aos citados elementos.

Terase en conta tamén a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do concello correspondente e do órgano competente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así, estarase ao establecido no apartado 9.2.3 desta Declaración.

6.1.2.-Paso de animais.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos ou deixar canles de drenaxe que permitan a fuga de pequenos animais.

6.2.-Fases de obras.


6.2.1.-Xestión e protección da vexetación.

Dado que unha fracción da superficie de estudo ten a condición de terreo de uso forestal, teranse en conta as seguintes medidas:

- A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.
- En relación coa preservación do arboredo, estarase ao indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA. Non obstante, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación. Asemade, previamente á corta de arboradura, que será a estritamente precisa, terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.
- De levarse a cabo, como traballos complementarios á concentración parcelaria repoboacións nas zonas forestais, estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais. Nelas se procurará evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e devasas para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se poderán facer plantacións de eucalipto nin piñeiros nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ao 40%, nin nas zonas indicadas no apartado 3.1.1.

6.2.2. Presenza de fauna.

Para levar a cabo as labores de corta de arboredo (previa autorización) ou roza de mato e formacións herbáceas, escolleranse períodos que estean fora das épocas de nidificación e cría para a fauna, implementando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á mesma.





Previamente aos labores de corta de arboredo u de roza verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. En especial, atenderase á presenza de aves rapaces (na zona detectáronse varias especies que anían en árbores (*Buteo buteo*, *Accipiter gentilis*...) e outras que o fan no chan (*Circus pygargus*) ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

No caso de detectarse nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que as aves poidan finalizar con éxito o período reprodutor, establecendo un perímetro de seguridade de 500 metros onde se limitará ao máximo posible as actuación e o tráfico de maquinarias para garantir a tranquilidade das aves.

7.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

En relación coa protección do patrimonio cultural, estarase ao seguinte:

1. En relación co camiño C-7-7 que discorre baixo o Cabozo con arco, de ser o caso executarse o seu firme con formigón en acabado rugoso, deberase introducir no sistema construtivo algún elemento de separación que non afecte negativamente aos muros laterais e que evite que o firme de formigón se achegue a eles.
2. Conforme ao informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, os predios circundantes da Torre do Gorrete poden acoller restos ou vestixios non visibles da que fora a antiga fortaleza, polo que as fincas resultantes veranse afectadas polas áreas de cautela e protección, independentemente da distribución das propiedades, polo que calquera actuación realizada nestas áreas deberá contar coa autorización da devandita Dirección Xeral.
3. En canto aos acondicionamentos de fincas, nos terreos afectados pola protección de bens do patrimonio cultural, dada a absoluta indefinición das accións que se pretenden executar, é necesario que se definan previamente as accións a levar a cabo nas citadas parcelas. A tal fin, e previo ao inicio destas obras, deberase remitir, para o seu informe pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, un documento asinado por técnico competente, no que se incluírá unha ficha individualizada de cada elemento, na que se fará constar: delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na fotografía aérea, na cartografía catastral, especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, e proposta de medidas protectoras e correctoras.
4. Debese ten en conta que unha vez informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, os documentos aos que se fai referencia nos puntos anteriores, deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante asa fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito da concentración parcelaria.
5. Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación remitida (parque de maquinaria, instalación de casetas, entullos de terras e materiais).

Segundo os resultados das actuacións arqueolóxicas a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

8.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

8.1.- Criterios de Integración Paisaxística.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS
PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075



Santiago,

08 OUT. 2013

Asdo: José Manuel Afonso Pulleiro

Páx. 11 de 20



Procurarase a preservación daqueles elementos máis característicos da paisaxe, evitando na medida no posible a demolición de estruturas tradicionais de mampostería pétrea. No trazado dos novos camiños aproveitaranse os elementos existentes dos antigos camiños, procurando a conservación da maior parte dos elementos asociados (vexetación arbórea ou valados de pedra). No caso de que isto non sexa posible farase unha reposición de especies arbóreas autóctonas.

As restauracións que se executen, tenderán a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística reflectindo o carácter local do territorio afectado, isto implicará a aplicación das seguintes condicións:

- En canto as especies a empregar:
 - Serán autóctonas, tendo sempre presentes para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en conta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de medio ambiente pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
 - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, localización ou estación vai a estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutriente, etc.), e factores bióticos.
 - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, e dicir a competencia intra e interespecífica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc.).
- No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na medida do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi danados.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes (en superficies pequenas e/ou estacións de mala calidade diminúen exponencialmente as posibilidades de acadar esta premisa).
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas. En calquera caso deberá ser adecuadamente xestionada para garantir a súa conservación.

8.2 Proxecto de integración paisaxística.

Para dar cumprimento ao artigo 11.1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no EIA inclúese un estudo de impacto e integración paisaxística (EIP) coas especificacións da devandita Lei. En calquera caso, recoméndase ter especial coidado na

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Mirás Pulido

Páx. 12 de 20



aplicación das medidas correctoras e de integración propostas no EIIP pois evitarán moitos dos posibles impactos diagnosticados e garantirán a axeitada integración.

9.-OUTRAS CONDICIÓNIS.

9.1.-Fase de formulación

9.1.1.-Medidas para a redución de impactos.

Terase en conta o seguinte:

- Durante as fases de replanteo e execución deberanse efectuar os controis oportunos para garantir que non se produzan impactos imprevistos. No momento en que se detecten tomaranse as medidas oportunas para evitalo, comunicándoo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, xunto coas medidas previstas a adoitar. En todo caso, paralizaranse aquelas obras susceptibles de producir a devandita afección, en tanto o organismo competente non se pronuncie.
- Adoptaranse as medidas necesarias para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, nas fases de acondicionamento, execución e explotación.
- Deberán asfaltarse as pistas con maior tránsito, de xeito que se evite a afección á vexetación pola emisión do po procedente do tránsito de vehículos pesados.

9.1.2.-Terreos forestais e montes veciñais.

Na zona de actuación á que fai referencia o Estudo de Impacto Ambiental, non se afecta a ningún monte veciñal en man común nin de xestión pública.

A reordenación da propiedade rústica en zonas forestais incluírá o deseño e posterior execución de infraestruturas e medidas preventivas mínimas fronte aos incendios forestais segundo o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Fomentarase a creación de Unidades de Xestión Forestais nestas áreas.

9.1.3.-Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.

Consideraranse as limitacións e obrigas que se establecen na planificación, execución e posterior xestión e explotación da zona a concentrar, que a normativa vixente ven a establecer sobre o territorio. Esta limitacións e obrigas poden chegar a ser incompatibles con moitas das propostas que se efectúan no estudio, tales como a normativa relativa á ordenación do solo, á normativa de incendios, ordenanzas municipais...

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. O Concello de Mondoñedo, a través dos seus representantes nas Xuntas Locais de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no Título II: Normas Orgánicas da Lei de concentración parcelaria) velará polo cumprimento desta condición.

9.2.-Fase de obras e de explotación

9.2.1.-Límites da zona de concentración parcelaria.

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración que se axustarán ao contido dos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Santiago, 08 OUT. 2013

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS
PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo. José Manuel Mirás Pujado
Páx. 13 de 20



documentos aos que se fai referencia no punto 10.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

9.2.2.-Servizos e servidumes.

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implantar rutas alternativas que presten o mesmo servizo. De acordo coa Lei de concentración parcelaria, as fincas resultantes terán acceso directo a algunha vía existente ou de nova creación.

9.2.3.-Deterioro de infraestruturas, instalacións e servizos.

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ao estado previo ao inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo. Entendendo ademais esta necesidade aplicable a aqueles elementos que repercuten directamente no medio ambiente (procesos erosivos, contaminantes, desprendementos...)

9.2.4.-Uso sostible do territorio.

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostibilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no Estudo de Impacto e nesta Declaración e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos de solo poidan ter no territorio, en especial a transformación de terreo forestal en terreo agrícola para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial.

En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais en canto ao acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e o respecto aos elementos e áreas sensibles indicados no punto 3.1.1.

10.-PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

10.1.-Fase de formulación.

10.1.1.-Patrimonio cultural.

En relación á protección do patrimonio cultural remitiranse os seguintes informes, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a documentación avaliada.

- Previamente ao inicio das obras de cada proxecto de execución que integra a concentración parcelaria, o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto dos citados proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.
- Terase en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos aos que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asda: José Manuel Miras Pulleiro



proxecto deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborárase un Proxecto Arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

10.1.2.-Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental.

Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ao longo da fase de formulación e todos os controis derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo ao obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen, e levar a cabo novas medidas correctoras acordes coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados. Asemade teranse en conta as seguintes consideracións:

- Ao obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os limiares, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian a empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propondrá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No Programa de Vixilancia Ambiental a redactar, incluírase un Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe dos cursos fluviais afectados polas obras sobre todo no río Masma, aplicable tanto a fase de execución das mesmas, como á posterior a estas ata o momento en que se constate ausencia de afeccións. Inclúranse as medidas de control propostas, para



o mesmo, no Estudo de Impacto Ambiental engadindo aquelas derivadas do informado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Seleccionaranse puntos de tomas de mostras augas arriba e augas abaixo de cada unha das zonas afectadas, incluíndo nesta analítica os parámetros que marca a lexislación vixente para o control de calidade das augas.

10.1.3.-Órganos a informar e documentación a remitir.

Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación o Proxecto de Camiños e Obras inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houbese). Nos proxectos remitidos se recollerá unha análise das alternativas estudadas ao respecto e conterá un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas nos ESI así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta Declaración, incluíndo delimitación do perímetro modificado, zonas de exclusión, superficie real de ocupación dos camiños, descrición das obras de drenaxe transversal a executar, necesidade de utilización de explosivos, proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental. No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplen o total das obras ou que contemplen as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

Porase en coñecemento da Dirección Xeral de Conservación da Natureza o inicio das obras, para poder poñerse en contacto coa persoa responsable do seguimento ambiental, dende o inicio das actuacións.

10.2.- Fase de obras, informe final de obras e fase de explotación.

10.2.1. Programa de Vixilancia Ambiental.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se fai referencia ao longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ao disposto no artigo 18 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Durante a fase de execución de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a) Semestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflicta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado nos estudos ambientais e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de seguimento do control da calidade das augas e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico, control da presenza de parellas reprodutoras de aves de interese e outra fauna de interese en función do exposto ao longo do punto 6, actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados no punto 3.1.1- etc.
- Na memoria a realizar detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de



residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.

- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados no punto 6 da DIA. Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.
- Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e aos labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.
- Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas no punto 6 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.


Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental aos que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para emendas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicaráo a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Tendo en conta os resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2013

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito-Basanta



Santiago,

08 OUT. 2013

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Pulleiro



ANEXO I

DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN E DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

1.-DESCRICIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.

O proceso de concentración consta de 3 partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras, e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de moi diferentes xeitos e en distinto grado, se ben todos eles se atopan intimamente ligados. A continuación presentase, as correspondentes etapas para cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDIOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
Proceso de concentración	Plan de concentración	Levantamento topográfico	Replanteo de novas fincas	Toma de posesión das novas fincas
		Bases provisionais		
		Bases definitivas		
		Proxecto de concentración		
		Acordo de concentración		
	Plan de obras	Proxecto da rede viaria	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de acondicionamento de fincas	Rede de camiños secundarios	Execución das obras da rede de camiños secundarios	Utilización da rede viaria
		Proxecto de acondicionamento de fincas	Execución de obras	

As actuacións que levan consigo un maior risco de operacións de maquinaria e risco de deterioro dos elementos ambientais, son o acondicionamento de fincas e o plan de obras. No presente proceso de concentración faltan soamente por executar o Plan de acondicionamento de fincas, conformado pola rede secundaria de camiños de concentración e o acondicionamento de fincas.

O proxecto consistirá no acondicionamento de fincas nas parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor, para o cal acometeranse as seguintes obras: apertura camiños (parte deles percorren sobre camiños vellos existentes pero en mal estado), asfaltado de camiños deteriorados, restauración de camiños (limpeza de cunetas, mellora firme, aporte de zorra), obras de fábrica para salvar os canais, eliminación de pequenos muros de terra e eliminación de cepas arrincadas. Os camiños propostos representan unha lonxitude total duns 6.790 metros.

2.-DESCRICIÓN DA ZONA A CONCENTRAR.

2.1.- Localización.

A zona de concentración parcelaria das parroquias de Santa María Madanela de A Couboeira, Santo André de Masma e Santa María de Vilamor, enmárcase na parte leste do termo municipal de Mondoñedo, sitúase no centro-norte da provincia de Lugo e administrativamente

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS PARROQUIAS DE COUBOEIRA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Méndez Gullón



atópase integrado na comarca da A Mariña Central. A zona a concentrar ten unha superficie aproximada de 813 hectáreas.

2.2.- Clima

Segundo a clasificación de Papadakis a zona presenta un clima mediterráneo temperado cálido. A temperatura media anual é de 12,78°C.

2.3.- Xeomorfoloxía

A altitude media da zona sitúase nos 162,5 m, sendo as cotas mínimas e máximas 30 m e 355 m respectivamente. O 68,57% da superficie da zona de estudo presenta pendentes inferiores ao 20% facilmente cultivables e aproveitables para a agricultura. Nas zonas de pendentes superiores ao 36% atópanse maioritariamente plantacións de eucaliptos.

2.4.- Xeoloxía

A zona de estudo está encadrada na parte leste da Folla de Meira (48) do Mapa Xeolóxico de España E. 1:50.000. Os materiais presentes na zona de estudo pertencen a varias etapas: Cuaternario, Ordovícico, Cámbrico y Rochas graníticas hercínicas (*granitos, granodioritas, cuarzodioritas*).

2.5.- Edafoloxía

Na zona de estudo, atendendo ao esquema edafolóxico do Mapa de Clases Agrolóxicas do MAPYA predominan os terreos cultivables, destacando os de laboreo sistemático cun 71,86% da superficie total. Aproximadamente ao 76,37% da superficie atribúeselle unha permeabilidade baixa, segundo o SIAS (Sistema de información da auga soterrada). As zonas de permeabilidade moi alta corresponden coa proximidade ao río Masma.

2.6.- Hidroloxía

A hidroloxía superficial da zona redúcese ao río Masma, os seus afluentes e gran cantidade de pequenos regatos estacionais.

2.7.- Medio biótico

A zona de estudo está afectada polo LIC ES1120011 Ría de Foz-Masma, publicado na lexislación europea mediante a Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004.

A zona pertence a Rexión Eurosiberiana, sector galaico-asturiano e Serie colino-montana galaico-asturiana acidófila do carballo ou *Quercus robur*. (*Blechno spicant-Querceto roboris sigmetum*). VP carballeiras. Fación colina-temperada con *Laurus nobilis*

Existen os seguintes hábitats:

- 3260: Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.
- 91E0*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*)
- 9230: Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.
- 9260: Bosque de *Castanea sativa*.

Distínguense plantacións forestais, masas mixtas e mosaicos de cultivos e pastos.

Santiago,

08 OUT. 2013



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS


Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN



Zona de estudo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DILIXENCIA: Para testar constar que a presente
fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago,

08 OUT. 2013

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE FINCAS NAS
PARROQUIAS DE COUBOERIA, MASMA E VILAMOR.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO).
CLAVE: 2011/0075

Asdo.: José Manuel Mirás Puñello